



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 18/02/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día dezaioito de febreiro de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de xaneiro do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN DE NOVA CONCELLEIRA.

Dase conta do expediente tramitado para a substitución dun concelleiro deste Concello, iniciado polo escrito presentado polo concelleiro do grupo do BNG Xosé López Gudín, de renuncia á súa acta de concelleiro nesta corporación municipal, por motivos persoais, oportunamente presentado no rexistro de documentos do Concello e do que se tomou razón polo Pleno na sesión celebrada o pasado día 14 de xaneiro. Dase conta de que xa obra no expediente a credencial expedida pola Xunta Electoral Central a nome da seguinte candidata



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

da lista do BNG, María del Carmen García Pérez, que é por tanto a persoa que debe substituír no cargo de concelleiro ó Sr. López Gudín.

Procédese de seguido á toma de xuramento ou promesa, que a nova concelleira electa seguidamente fai, xurando pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealtade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Posteriormente o Sr. Alcalde dalle posesión do seu cargo, manifestando a súa satisfacción polo feito de que por vez primeira hai paridade efectiva entre mulleres e homes no Pleno deste Concello.

TERCEIRO. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, de nomeamento do concelleiro Sr. Soto para representar ó Concello no Consello escolar do C.P.I. Local, cargo que ata a súa renuncia viña desempeñando o concelleiro Sr. López Gudín.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido seguidamente a votación, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros presentes, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

CUARTO. ACORDOS SOBRE ANOMALÍAS NO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE APOIO Á MOBILIDADE FUNCIONAL.

Dase conta da solicitude formulada polos representantes das asociacións As.Pa.Ne.Mi., A.C.A.M.F.E. e DIVERFFEC Ferrol, que agrupan a persoas usuarias do servizo de apoio á mibilidade funcional para persoas con discapacidade e/ou dependencia, o coñecido como "065", que a Concelleira Sra. Muiño resume, incidindo nos seus aspectos máis salientables e que literalmente di:

"Dende hai tempo AS.PA.NE.MI.; A.C.A.M.F.E.; e DIVERFFEC Ferrol, veñense facendo eco das numerosas protestas que circulan entorno ao funcionamento do coñecido "065":

- a. Cancelacións sin antelación suficiente
- b. Retrasos entre 15-45 minutos
- c. Non teñen en conta o catálogo de prioridades
- d. No decreto no que se regula o Transporte Adaptado, artigo 16.2º, di que se deberá contratar o servizo, "sempre que sexa posible" con 48 horas de antelación, sin embargo, non admiten ningunha contratación sin previo aviso de 1 semana.
- e. No mesmo artigo 16.4º, repóllense que a comunicación da prestación do servizo ou a imposibilidade de realizalo efectuarase coa debida antelación de acordo coa



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

naturaza do servizo demandado; sin embargo, dende o Centro de control non se confirma a disponibilidad do mesmo, e no caso de que seña a persoa usuaria a que chame ao centro de control para confirmar o servizo, a atención que recibe por parte das persoas responsables do mesmo non é a axeitada.

Creemos, por tanto, que a Xunta, como responsable do Servizo Galego de Apoio á mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependencia regulado no Decreto 195/2007 do 13 de setembro (DOG 202, do 18 de setembro) ven incorrendo no incumprimento dos fins e obxetivos que se regulan no Decreto.

2. O citado Decreto, no seu artigo 3.1º establece como obxectivo xeral do mesmo o de normalizar as condicións de vida, favorecer a autonomía persoal e facilitar a integración social das persoas usuarias. Así memsmo, no artigo 3.2º fálase da garantía de acceso, en condicións de igualdade efectiva, favorecendo así a súa comunicación e participación no seu contexto habitual. Na mesma liña, o artigo 3.2ºc di que se dispoñerá dos recursos para a normalización da realización das actividades instrumentais e básicas da vida diaria das persoas discapacitadas e/ou dependentes.
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancoas que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os Galegos e galegas na vida económica, cultural e social
4. Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (DOG nº 76, do 23 de abril), que ven ordenar e regular os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 3, a devandita lei define os principios inspiradores do sistema de servizos sociais, entre os cales se contemplan o de responsabilidade pública e o de normalización e integración.
5. A citada lei, no seu artigo 5.3º, entre as súas áreas de actuación, as dirixidas ás minusvalideces, ávellez e á comunidade en xeral, ademais de establecer, no seu artigo 13, como programas propios dos servizos sociais de atención especializada naárea de actuación das minusvalideces, entre outros, a supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, ademais das axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

POR TODO ISTO, PROPOÑÉMOSLLE AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Como responsable do servizo , que cumpla co establecido no Decreto 195/2007, do 13 de setembro e coa Orde que o desenrolla (Orde do 9 de setembro de 2008)
2. Que se cumpla a orde de prioridades establecida no catálogo de servizos aprobado pola Orde do 9 de setembro de 2008



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

3. Xestionar con maior eficacia o servizo esixindo unha maior organización para evitar as cancelacións e os continuos retrasos que incorrerían no incumprimento do establecido no Decreto anteriormente mencionado."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez manifesta o seu apoio ás reivindicacións expostas no escrito, censurando a política de recortes da Xunta, que sempre inciden sobre os máis desfavorecidos.

O Sr. López Loureiro tamén amosa a súa conformidade co exposto, e di que o seu grupo instará á Xunta á corrección destas anomalías e a prestación do servizo con especial atención ás necesidades de cada usuario.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

QUINTO. ACORDOS EN SOLIDARIEDADE CO PERSOAL DA XUNTA.

Polo Sr. Alcalde dase conta dunha solicitude formulada polos funcionarios do Concello para que se propoña ó Pleno do Concello "a adopción dun acordo en solidariedade cos traballadores da Xunta de Galicia, tras o recente anuncio de medidas tendentes á redución dos dereitos e retribucións que lles corresponden por parte do goberno galego, manifestando, de ser o caso, a postura do Concello de San Sadurniño en favor do mantemento das condicións laborais e retributivas do persoal ó servizo das administracións públicas, xa suficientemente castigados pola crise e polos sucesivos recortes retributivos e de poder adquisitivo dos últimos anos."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Márquez amósase de acordo coa proposta, para evitar que sexan sempre os mesmos os que soporten os recortes.

O Sr. López Loureiro tamén manifesta a súa conformidade, e di que aínda que o que toca son recortes para todos, haberá que tratar de minimizar as súas consecuencias.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda adoptar o acordo de que se trata.

SEXTO. APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO PARA 2012.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta polo Sr. Soto do contido do proxecto de presuposto que se somete á consideración do Pleno, xa dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente con data do 10/02/2012. Di o Sr. Soto que o orzamento preséntase fora do prazo legalmente establecido por motivos relacionados coas eleccións xerais e as datas de aprobación dos seus orzamentos por parte doutras administracións públicas, ata a publicación polo Estado das directrices que agora se coñecen, relativas sobre todo á conxelación de retribucións. Explica a baixa dun 21% no importe final pola existencia en 2011 de varios convenios, co Estado e coa Deputación Provincial, que non existirán en 2012, e di que nos atopamos nun contexto complicado, cun crecente predominio das políticas neoliberais que tenden a reducir o sector público, tanto en persoal como en servizos, criticando a modificación constitucional recentemente aprobada para bloquear o déficit das administracións públicas. Reivindica unha orientación de esquerdas no orzamento proposto, que considera un exemplo de sustentabilidade, prudencia, sensatez e realismo nos obxectivos. Di que ó BNG lle gustaría poder facer máis, pero nesta situación non é posible por causa dos recortes doutras administracións. Sen embargo, segundo o Sr. Soto, blíndase o gasto social, así como as axudas para autopromotores e as axudas para estudos. En canto ás partidas concretas, fai un resumo das cantidades propostas, destacando o incremento do 10% no IBI imposto pola normativa estatal, o continuismo na cuantificación dos restantes ingresos, que baixan xeralizadamente, en especial as transferencias recibidas, tanto correntes como de capital. Polo referido ós gastos, sulíña o Sr. Soto a conxelación salarial tamén imposta pola normativa estatal, a baixa dun 1,5% en gasto corrente, o que obrigará a un maior esforzo de xestión e a forte redución na partida de investimentos, aínda que se farán obras de gran importancia.

Toma a palabra de seguido o Sr. Márquez, para dicir que nos catro anos nos que o PSOE participou no goberno o presuposto foi crescendo de ano en ano dun xeito constante e importante, e que este ano baixa de golpe 750.000 euros, que serían cerca dun millón se non se retrasase a sinatura do convenio para o cine, o que lle parece realmente preocupante. A lixeira redución en persoal ou gasto corrente non son a cuestión, pero a baixada, que califica de brutal, nos investimentos si que lle preocupa, polo que ten de negativo para toda a comarca, tan necesitada de investimentos que reactiven a economía. Recoñece que as situacións son as que son, pero entende que se debe facer un esforzo na negociación de máis convenios que permitan incrementar os investimentos.

O Sr. López Loureiro interven para dicir que os membros do seu grupo son aínda novos como concelleiros, e non tiveron tempo suficiente para analizar detidamente o documento, aínda que lles parece tamén moi preocupante a baixa nas partidas de inversión, así como a do 20% nas retribucións do persoal, segundo o indicado no informe de Secretaría. O Sr. Alcalde di que esa baixa soamente afecta a un artigo do capítulo 1, como indica o informe de que se trata, e que non se fai senon cumprir a recente lei estatal, que esa norma impón a redución dun 10% na produtividade, que o importe da baixa son 1.000 euros e que a medida soamente afectará a tres das cerca de corenta persoas que traballan para o Concello. O Sr. López Loureiro di que deberían baixarse as retribucións dos políticos e as tres Xuntas de Goberno cada mes,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

que lle parecen demasiadas e que podería chegar con facer unha, e pregunta tamén polo asesor do Alcalde. O Sr. Alcalde lle pide ó Sr. López Loureiro que manteña as formas e di que a Alcaldía non ten asesores, e que este ano xa desapareceu do orzamento unha partida para persoal eventual, dotada únicamente con 100 euros, que viña da etapa de goberno do PP, que si tivo persoal eventual.

Interven novamente de seguido o Sr. Soto, para ampliar a súa explicación anterior sobre a redución do importe do orzamento. Di que nos últimos anos o Concello pasou a xestionar máis cousas, co conseguente incremento dos ingresos e dos gastos, debido sobre todo ós plans estatais de obras e a convenios asinados con distintas administracións, como o do Pazo, posible gracias ó apoio que o BNG deu no seu momento ó presuposto estatal. Di que por suposto que se seguirá a negociar outros posibles convenios, como se fixo co do cine, que de non ser polas xestións realizadas polo BNG, perderíase. En relación coa intervención do Sr. López Loureiro, di que aprecia mala intención nas súas críticas, e que se poden rebaixar salarios e indemnizacións por asistencia a sesións, pero que eles son de esquerdas e non fan demagogia con eses temas como fai por exemplo o alcalde de Ferrol coas cantidades que percibe como presidente da FEGAMP.

Toma a palabra brevemente o Sr. Márquez, para dicir que quere pensar que o grupo de goberno non fixo un presuposto mellor porque non foi posible, e que espera que melloren as relacións con outras administracións públicas e que se podan acadar acordos para incrementar o nivel de inversión. O Sr. Soto di que soamente nun mes xa lograron desbloquear o convenio do cine, evitando que se perdesen eses cartos. O Sr. Márquez resposta que eso non foi así, e que o convenio podía estar asinado dende a lexislatura anterior, e remata decindo que se debería manter a partida de produtividade e dar a cara co tema da suba do IBI ou tratar de atopar a forma de compensar dalgún xeito esa suba. O Sr. Soto di que o Concello non pode incumplir a lei nin facerse insumiso, polo que haberá que cumprir o establecido nesa normativa estatal.

Finalmente, o Sr. Alcalde inicia unha extensa intervención na que explica novamente as causas do retraso na presentación do presuposto, a imposibilidade legal de aumentar as retribucións do persoal, como o seu grupo desexaría, as causas da baixa no importe do orzamento, común ó resto das administracións, o gran problema pendente da financiación dos concellos, especialmente no caso de Galicia, e o demagóxico que lle parece solicitar baixas nos soldos dos políticos, que son os que permiten que non soamente os ricos poidan adicarse á política. En relación co dito polo Sr. López Loureiro, di que minte co do asesor, que non existe asesor algún, que a plantilla do Concello está axustada ás súas necesidades e que hai postos financiados por outras administracións, polo que, de ser suprimidos, perderíase esa financiación. Remata decindo que se trata duns orzamentos realistas que obrigarán a aforrar, en parte pola restricción do déficit máximo acordada como reforma constitucional polo PP e o PSOE, que adoptan este tipo de medidas inútiles en lugar de inxectar cartos para reactivar a economía e que se poida saír desta situación recesiva. Critica tamén o despido libre que na súa opinión resulta das últimas modificacións da lexislación en materia de contratación laboral.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Sometida finalmente a votación ordinaria a aprobación do proxecto de presuposto para 2012, nos mesmos termos nos que foi redactado e favorablemente dictaminado, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos do PP e PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2012, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS SETECENTOS TRECE MIL EUROS (2.713.000), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Impostos directos	635.000,00 €
Cap. 2- Impostos indirectos	50.000,00 €
Cap. 3- Taxas e outros ingresos	250.000,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	1.102.000,00 €
Cap 5- Ingresos patrimoniais	26.000,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Alleamento de investimentos reais	50.000,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	600.000,00 €
Cap. 9- Pasivos financeiros	
TOTAL	2.713.000,00 €
GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Gastos de persoal	1.062.800,00 €
Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos	776.000,00 €
Cap. 3- Gastos financeiros	16.000,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	81.800,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Investimentos reais	747.900,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	12.500,00 €
Cap. 9- Pasivos financeiros	16.000,00 €
TOTAL	2.713.000,00 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, unha vez aprobado definitivamente, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e catro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,